biblioteca pública de vigo juan compañel

SERVIZO DE PRÉSTAMO DE PORTÁTILES E LECTORES DE LIBROS ELECTRÓNICOS

Préstamo de portátiles

A biblioteca dispón de portátiles para o préstamo ás persoas usuarias. As persoas que soliciten este servizo poderán facer traballos, navegar por Internet, estudar, etc.

Para gozar deste servizo tan só é preciso ter o carné da biblioteca e ser maior de 18 anos.

Ao igual que para o resto de documentos da colección da biblioteca, para facer efectivo o préstamo do portátil, a persoa usuaria deberá presentar o carné da biblioteca e non ter préstamos sobrepasados nin sancións.

Cada usuario/a pode levar en préstamo un só equipo. O uso do portátil e dos seus periféricos queda limitado exclusivamente ao recinto da biblioteca e, polo tanto, ningún destes elementos se pode levar fóra das instalacións do centro.

O período máximo de préstamo é de 1 día e será preciso devolver o equipo e os seus periféricos 1 hora antes do peche da biblioteca.

Préstamo de lectores de libros electrónicos

A biblioteca conta con lectores de libros electrónicos para o seu préstamo a domicilio. GaliciaLe, a plataforma de préstamo de libros electrónicos das bibliotecas públicas galegas, proporciona unha ampla oferta de títulos (novidades, literatura contemporánea, ciencia, arte, tecnoloxía, etc.) entre os que o usuario poderá escoller para encher de contidos o dispositivo que leve en préstamo.

Para acceder ao servizo de préstamo de lectores de libros electrónicos é preciso ter carné da biblioteca e ser maior de 18 anos.

Ao igual que para o resto de documentos da colección da biblioteca, para facer efectivo o préstamo do dispositivo a persoa usuaria deberá presentar o carné da biblioteca e non ter préstamos sobrepasados nin sancións.

Cada persoa usuaria pode levar en préstamo un só dispositivo. Este préstase baleiro, cunha funda e un cable USB para a transferencia de datos e a carga da batería por un período de 21 días sen renovación.



TAMÉN CHE PODE INTERESAR...

Servizo de préstamo e consulta de recursos electrónicos: GaliciaLe

---